

O Plenario da Real Academia Galega, reunido en sesión ordinaria hoxe día 22 de xuño de 2012, acordou dedicar o **Día das Letras Galegas de 2013 a Roberto Vidal Bolaño** (Santiago de Compostela, 1950-2002).

Así mesmo, acordou nomear académico de honra electo a **Arcadio López Casanova** e académicos correspondentes a **Xosé Manuel González Herrán, Luz Méndez, Fernando Ramallo Fernández, Olivia Rodríguez González, Goretti Sanmartín Rei e Xavier Vence Deza**.

Roberto Vidal Bolaño (Santiago de Compostela, 1950-2002)

Trátase dunha figura imprescindible para comprender a dimensión do Teatro Galego e, xa que logo, do noso sistema literario. Desde aqueles inicios nos anos setenta, coa mítica Xeración Abrente, ata o ano mesmo da súa morte, a produción literaria de Vidal Bolaño é constante e sempre orientada a armar un edificio teatral galego perdurable. Só uns meses antes do seu pasamento, no número 50 da revista *A Trabe de Ouro* publicouse o texto do seu monólogo *Sen ir máis lonxe*, que Méndez Ferrín cualificou como o seu testamento dramático. Ese mesmo ano a Real Academia Galega nomeouno Académico Correspondente.

É indiscutible a importancia da figura de Roberto Vidal Bolaño para o teatro nacional galego. Aínda que morreu novo (52 anos), Vidal Bolaño é, sen dúbida, o dramaturgo máis prolíxido da historia da nosa literatura; mais non é só a cantidade da súa obra a razón da súa importancia, senón as múltiples calidades que os seus textos achegan durante toda a súa actividade.

A produción de Roberto Vidal Bolaño caracterízase por un irrevogable compromiso coa lingua galega, pois estamos ante un autor radicalmente monolingüe, que contribuíu á definitiva instalación do teatro galego na nosa lingua. Ademais, hai na súa obra un inequívoco compromiso estético. Todos os estudosos coinciden en salientar a súa constante preocupación pola experimentación, por dialogar coa tradición culta e popular, literaria e histórica, social e política. Vidal Bolaño non é só un autor imprescindible para o noso sistema literario, senón que é considerado un dos dramaturgos europeos máis importantes do último cuarto do século XX.

E con todo e achegar un currículo dramático inmejorable, o dun profesional que viviu sempre apegado ós escenarios, traballando en case todos os ámbitos da produción teatral, desde a dirección á iluminación, Vidal Bolaño non é soamente un home de teatro. Foi tamén un excelente actor e un dos pioneiros da produción audiovisual en Galicia (sempre dicía que en realidade el quixo ser director de cinema). O seu traballo como director e como guionista, aínda que non chega á dimensión do seu labor dramático, tamén merece unha consideración especial polas liñas que deixou trazadas para o desenvolvemento dun campo audiovisual galego que se expresase na lingua propia e dialogase co resto dos nosos campos culturais.

Por enriba de todo, Roberto Vidal Bolaño foi un extraordinario escritor. Fixo literatura dramática a consciencia, con vontade de intervir no sistema literario galego, de dialogar con outras obras e autores, de apoiarse nos nosos clásicos (como Rosalía, Otero Pedrayo ou Cunqueiro, por exemplo) e na obra dos seus contemporáneos. Súa foi a translación aos escenarios do Percival de Méndez Ferrín, por exemplo, ou do Xelmírez de Cortezón ou da Rosalía de Otero Pedrayo. Era un escritor consciente da pertenza da súa obra a un sistema literario rico e dinámico, en constante desenvolvemento.

A súa obra merece ser revisitada nos escenarios e especialmente nos textos, porque coma os grandes autores de todos os tempos, Roberto Vidal Bolaño foi quen non xa de

describir o seu tempo, senón, sobre todo, de transformar a súa época. O teatro galego sábeo ben, e con el, o noso sistema literario.

Arcadio López Casanova (Lugo, 1942).

Profesor Titular de Filoloxía Española na Universidade de Valencia. Foi profesor invitado nas Universidades de Roma, Boloña e Milán. Dirixiu diversos cursos e pronunciou conferencias en universidades e centros culturais de distintos países europeos e americanos. Como ensaísta e crítico literario, publicou obras de grande interese como *Luís Pimentel e a sombra do aire na herba* (1990), *Álvaro Cunqueiro e a vangarda poética* (1994) y *El comentario de textos poéticos* (1994).

A súa obra poética recolle títulos como *Sonetos da esperanza presentida* (1965) *Palabra de honor* (1967), *Liturxia do corpo* (1976), *Memoria dunha edá* (1960 -1975) (1976); *Mesteres* (1976); *Dicir unha razón: (varia silva de proverbios, ditados e glosas)* (2006). No xénero narrativo, cómpre destacar *Caeira dos días* (2007).

A súa obra, recollida en numerosas antoloxías e historias literarias, foi traducida a varios idiomas.

Recibiu diferentes premios e galardóns entre os que destacan: Gañador do Concurso Nacional de Contos Infantís O Facho no 1972, por *O bosque de Ouriol*.

Premio da Crítica Galicia de creación literaria no 1984, por *Liturxia do corpo*.

Premio de poesía Caixanova no 2005, por *Herdo do canto*.

Premio Cultura Galega das Letras da Xunta de Galicia, no 2011.

José Manuel González Herrán

Catedrático de Literatura española da Universidade de Santiago de Compostela. As súas investigacións e traballos está referidos teñen con fin o mundo literario e son especialmente destacables os seus estudos sobre escritores galegos na literatura galega e na literatura española; así como tamén hai que salientar as publicacións sobre a presenza de escritores non galegos en Galicia e a relación deste con Galicia e con escritores galegos. Colaborador de diversas revistas e publicacións é autor dunha extensa obra.

Luz Méndez (Agolada, 1965).

Asesora Lingüística da Televisión de Galicia, onde dirixiu o programa divulgativo sobre lingua *Cazador de palabras*. Entre as súas liñas de investigación destaca o eido da onomástica ao que dedicou diversos artigos en numerosas revistas de ámbito nacional e internacional. Nesta mesma liña forma parte do International Council of Onomastics Sciences e é membro fundador da Asociación Galega de Onomástica. Entre as súas publicacións cómpre salientar o libro de divulgación publicado no ano 2000 *¿Po que se chama así este sitio) (O significado dos nosos nomes de lugar)*.

É Membro do Consello de Redacción da Revista Galega de Filoloxía e exerceu o cargo de Directora do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña nos anos (2004 - 2006).

Fernando Ramallo Fernández (Vigo, 1965)

Profesor Titular de Lingüística Xeral na Universidade de Vigo. As súas investigacións e publicacións están centrados no seu principal ámbito de estudo, a sociolingüística. Entre as publicacións *New perspectives on endangered*

Languages, (en colaboración con J.A. Flores Farfán e John Benjamins, 2010); *New approaches to discourse and business communication* (editor, 2009); *Lingua, sociedade e medios de comunicación en Galicia* (en colaboración con Anxo M. Lorenzo Suárez e Hakan Casares Berg (2008); *Vender en galego. Comunicación, empresa e*

lingua en Galicia (en colaboración con Gabriel Rei-Doval, 1997). Participou en numerosos congresos e xornadas así como en distintos proxectos de investigación en sociolingüística.

Olivia Rodríguez González (A Coruña, 1959)

Profesora titular de Teoría da Literatura e Literatura Comparada na Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña. Participou como investigadora en diversos proxectos como “Literatura e medios audiovisuais: aplicación do método comparativo-textual na análise dos contidos literarios nas tecnoloxías audiovisuais (cine, radio, televisión, novas tecnoloxías audiovisuais); “Literatura e música en Irlanda, e o seu correlato na cultura galega” ; “Nosoutros/-as e eles/-as: discursos das escritoras irlandesas e galegas sobre a estranxeiría (1980-2007)” ; “Poesiagalega.org: constitución e xestión dun repositorio dixital da poesía galega (séculos XIX-XXI) no campo cultural”; É autora de obras como *Estética e teoría da cultura en Vicente Risco*, publicada no ano 2001 pola Editorial Galaxia ou *Vicente Risco (escritor, etnógrafo e ideólogo do galeguismo)*; publicado no ano 2002 pola Editorial Ir Indo e de numerosos artigos publicados en revistas nacionais e internacionais de recoñecido prestixio.

Goretti Sanmartín Rei

Profesora titular de Filoloxía Galega da Universidade da Coruña. As súas liñas de investigación están centradas na calidade da lingua e nas propostas de homoxeinización lingüística.

Entre as súas publicacións está o volume *Lendo nas marxas. Lingua e compromiso nos paratextos*; a edición, en colaboración con Manuel Ferreiro, da obra de Ramón Cabanillas *A Virxe do Cristal*. Lenda de Curros Enríquez axeitada para ópera; e o estudo sobre *A lingua literaria galega* no século XIX, en colaboración con Xosé Ramón Freixeiro Mato e Xosé Manuel Sánchez Rei; a edición en colaboración con Xesús Blanco Echauri, Silvana Castro García, M^a Pilar García Negro e Amelia Sánchez Pérez, de *Nicomedes-Pastor Díaz, unha existencia exemplar*, de Ramón Vilar Ponte

Xavier Vence Deza (Rodeiro, 1965)

Catedrático de Economía Aplicada na Facultade de CC. Económicas e Empresariais-Universidade de Santiago de Compostela. É vogal da Comisión Executiva da AEER (Asociación Española de Ciencia Rexional), da Xunta directiva da SEM (Sociedad de Economía Mundial), coordinador do Máster oficial Desenvolvemento económico e Innovación da USC, director do Curso de Posgrado Economía e Xestión da Innovación da USC, membro do Grupo de Investigación en Economía y Política de la Innovación (GRINEI) - Universidad Complutense de Madrid

As súas liñas de investigacións están principalmente encamiñadas ao mundo da Economía da Innovación e Servizos, ás Políticas de innovación e Sistemas Rexionais de Innovación ou á Globalización e Neoliberalismo. É membro do consello de redacción d’ *Trabe de Ouro*, así como do consello científico da *Revista Galega de Economía* e da *Revista Principios*. Colaborador habitual da revista *Tempos Novos* e noutros medios como a Radio Galega. Entre as súas publicacións cómpre salientar *O Fracaso neoliberal en Galiza* (2005), *Crise e radicalización neoliberal. As alternativas silenciadas* (2011).